



Duarte Galbán é un comunicador e presentador habitual das tardes da **Televisión de Galicia**. Logo de varios programas, entra cada día nas casas dos galegos e galegas a través do magazine “Hora Galega”. Pero detrás diso, hai moito máis...

Platós de televisión, entrevistas a pé de rúa, curtametraxes ou mesmo series de ficción, pero... onde realmente podemos atopar a Duarte na súa salsa, é ao pé da xente, nun simple escenario. Un todoterreo capaz de adaptarse a todo tipo de situacións... aínda que custe creelo!

Precisas un evento adaptado e guionizado ao teu antollo? Buscas darlle un xiro a esa gala de entrega de premios que tanto pode chegar a aburrir? Pensas nun evento fresco, distinto e cercano?

Pois aquí estou, agardando por ti!

Miles de persoas xa viron nalgún momento os espectáculos no que este rapaz se deixa levar, pero, non te olvides que ningún deles é similar ao anterior! Orixinalidade, frescura e bo facer á hora de remar, en todo momento, a favor do show!

Monólogos atrevidos e gamberros pero tamén eventos formais e cercanos, as dúas caras dun rapaz que xa leva un bo recorrido polos escenarios do país e que segue a preferir estar o máis preto posible do seu público. Un safari de emocións que non vai deixar indiferente a ninguén. Vémonos canto antes!

ÚLTIMOS EVENTOS

- + **AI SONG CONTEST** (Eurovisión e RTVE Playz)
- + **Premios Paraugas** (Clúster da Comunicación de Galicia)
- + **Gala de Innovación** (ABANCA-USC, Cidade da Cultura)
- + **Flúor Marketing Congress** (Clúster da Comunicación de Galicia)
- + **Trofeo Conde de Gondomar** (Zelnova Zeltia, Real Clube de Iates, Baiona)
- + **Premios Autónomos de Galicia 2023** (APE Galicia)
- + **LaconNetwork** (Palexco, A Coruña)
- + **Xornadas Emprega Xuventude** (Xunta de Galicia)
- + **Gala Clausura - Programa Escolas Abertas** (Xunta de Galicia)
- + **Inauguración Polos de Emprendemento** (Xunta de Galicia)
- + **Premios Barbantia da Cultura**
- + **Gala do Deporte** (Concello de Cambados)
- + Noite de monólogos “Tempos Modernos” (con X.A. Touriñán)
- + **Cabalgata de Reis** (Concello de Rianxo, 2019-2023)